

## Hedy Lamarr



Hedwig Eva María Kiesler, coñecida como Hedy Lamarr foi unha actriz e inventora austriaca. Naceu o 9 de novembro do 1914. Faleceu o 19 de xaneiro do 2000 con 85 anos. Os seus pais eran Emil Kiesler e Gertrud Kiesler. Os seus maridos eran Friedrich Mandl, Gene Markey, John Loder, Teddy Stauffer, W. Howard Lee e Lewis J. Boies. Inventou un sistema de comunicación secreto ao comezo da segunda guerra mundial entre outras cousas. Ese sistema de comunicación foi a base do Bluetooth e do WI-FI. Tamén fixo varias películas en Hollywood.

Tiña os ollos negros cunhas pestanas moi longas. Tiña o pelo curto ondulado e da cor do tronco dun carballo. Os seus beizos eran carnosos e estaban pintados da cor das rosas. Tiña uns brazos longos e unhas mans pequenas e fracas. As súas pernas eran longas e os seus pes eran pequenos. As súas cellas eran finas e o seu nariz era pequeno. Tiña un abdome prano e un pescozo longo.

Os seus fillos son: James Lamarr, Denise e Anthony. Foi seleccionada como a actriz máis prometedora do 1938. Foi a primeira muller en recibir o premio BULBIE. Google honrouna polo seu 101 cumpreanos cun garabato. En Hollywood gravou varias películas como “Lady of the Tropics”, “White Cargo” e “The Female animal” etc. Hedy Lamarr foi coñecida polo seu invento de guía por radio para torpedos aliados usando tecnoloxías avanzadas para vencer a ameaza de Alemania.